

Informe sobre os indicadores de actividade e de VEB do sector servizos

Datos correspondentes a outubro de 2025


Data de publicación: 18/12/2025

Principais resultados

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra unha diminución interanual do 0,4 % no mes de outubro de 2025.
- En España, a cifra de negocios no sector servizos aumenta un 4,7 %.
- O persoal ocupado no sector servizos medra un 1,8 % en Galicia e un 1,2 % en España.

Indicador de actividade do sector servizos. Cifra de negocios. Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios.

1. Cifra de negocios

1.1. Índice xeral e por sectores de actividade

En outubro, o indicador de actividade no sector servizos en Galicia rexistra un decrecemento interanual do 0,4 %. Esta taxa é 11,1 puntos inferior á rexistrada no mes de setembro. En España, a cifra de negocios no sector servizos medra un 4,7 %, taxa inferior en 3,2 puntos á do mes de setembro.

A facturación en "Comercio" diminúe un 2,3 % e "en Outros servizos" aumenta un 5,2 %. En España a facturación en "Comercio" aumenta o 4,3 % e en "Outros servizos" o 5,4 %.

Índices de cifra de negocios. Outubro de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
XERAL	149,5	-0,4	3,5
COMERCIO	148,7	-2,3	3,1
Venta e reparación de vehículos de motor	165,3	6,1	-2,0
Comercio por xunto	154,3	-5,4	3,8
Comercio ao retalho	128,1	5,6	3,3
OUTROS SERVIZOS	151,9	5,2	4,5
Transporte	164,6	-0,2	2,3
Hostalería	175,8	14,3	4,9
Información e comunicacións	138,9	4,2	1,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	140,6	11,3	10,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	140,6	14,5	10,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
XERAL	138,1	4,7	4,7
COMERCIO	133,3	4,3	4,8
Venta e reparación de vehículos de motor	158,4	8,2	7,4
Comercio por xunto	128,2	2,8	4,4
Comercio ao retalho	136,3	5,8	4,5
OUTROS SERVIZOS	146,9	5,4	4,6
Transporte	146,5	4,6	4,4
Hostalería	173,2	4,8	4,8
Información e comunicacións	132,2	6,9	3,4
Actividades inmobiliarias	136,7	10,7	8,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	139,9	4,1	4,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	176,9	4,8	4,8

Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios.

Nas actividades comerciais, aumenta a cifra de negocios de "Venta e reparación de vehículos de motor" un 6,1 % e a de "Comercio ao retalho" un 5,6 %. A facturación de "Comercio polo xunto" diminúe un 5,4 %. A nivel nacional, aumenta a cifra de negocios en "Venta e reparación de vehículos de motor" un 8,2 %, en "Comercio polo xunto" un 2,8 % e en "Comercio ao retalho" un 5,8 %.

En "Outros servizos", a única baixada rexístrase en "Transporte" (-0,2 %) e os maiores crecementos nos sectores de "Actividades administrativas e servizos auxiliares" (14,5 %) e "Hostalería" (14,3 %). En España, o maior incremento rexístrase en "Actividades inmobiliarias" (10,7 %).

1.2. Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta un 3 % en outubro.


"Hostalería" é o sector onde se rexistra o maior incremento interanual (14,1 %).

1.3. Datos corrixidos de efectos de calendario

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de efectos de calendario segundo o método de ponderación. O índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 0,4 % respecto ao mes de outubro do ano anterior e o índice ponderado por VEB aumenta o 3 %.

Indicador de actividade do sector servizos corrixido de efectos de calendario. Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.


1.4. Indicadores por comunidades autónomas

A cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas agás Galicia no mes de outubro respecto ao mesmo mes de 2024. Navarra (7,4 %), A Rioxa (7,2 %) e Aragón (6,5 %) rexistran os maiores incrementos da facturación.

No que vai de ano, a cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas. As taxas máis altas preséntanse en Illas Baleares (7,3 %), A Rioxa (6,2 %) e Canarias (6,1 %).

Índices de cifra de negocios. Outubro de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios.

2. Persoal ocupado

2.1. Índice xeral e por sectores de actividade


O persoal ocupado aumenta un 1,8 % en Galicia e un 1,2 % en España.

O persoal ocupado crece un 0,7% en "Comercio" e un 2,5% en "Outros servizos". Os sectores con maiores incrementos son "Actividades administrativas e servizos auxiliares" (3,1%) e "Información e comunicacións" (3%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1% en "Comercio" e un 1,4% en "Outros servizos". Os maiores crecementos rexístranse en "Actividades administrativas e servizos auxiliares" (2,3%) e "Transporte" (1,9%).

Indicador de actividade do sector servizos. Persoal ocupado. Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe




Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios.

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

O emprego no sector servizos increméntase en todas as comunidades autónomas no mes de outubro. As comunidades con maiores aumentos do persoal ocupado son Illas Baleares (2,6%), Canarias (2,4%) e Navarra (2,3%). Castela-A Mancha e A Rioxa son as comunidade onde menos se incrementa o persoal ocupado (0,3%).

Índices de persoal ocupado. Outubro de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios.

3. Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.